

Selección de poemas adicionados a Rosalía.

Moito se ten especulado coa relación entre Aurelio Aguirre e Rosalía. Quizais é porque non se lle ten prestado atención abonda a esta improvisación que o poeta lle adica en 1857.

1. Poemas "in vita" de Rosalía.

1

Improvisación
Á la Poetisa D.^a R. C.

La mujer en el mundo no es dichosa
Por más que con falaz hipocresía,
«Adulando su jóven fantasía»
La mire el mundo y la proclame hermosa.

Lo será si modesta y virtuosa
Al templo del saber sus pasos guía,
Y ceñida la sien ostenta un día
Con la diadema de laurel honrosa.

La hermosura no es más que una quimera.
¡Página en blanco de la humana historia!
Sigue con fe del arte la lumbrera,

Que es muy grato dejar una memoria
Que acredite a la gente venidera,
Intachable virtud, mérito y gloria.

(Aurelio Aguirre, 1857)

O título deste poema de Valentín Lamas Carvajal inspiraría un dos alcumes garrimosos polo que a poeta foi coñecida popularmente, "A rola de Galicia".

2

*A la señora doña Rosalía de Castro de Murguía,
en la segunda función dramática a beneficio de los
heridos en África. El Cuerpo escolar.*

¡Salud, hija del arte! La victoria
que hoy tu talento en el teatro alcanza
no es mentida ilusión de la esperanza
ni quimera del mundo transitoria.

Hacia el sagrado templo de la Gloria
tu nombre en alas del aplauso avanza
y tu porvenir de dulce venturanza
para ti guarda la severa Historia.

Ese es el triunfo que tu afán conquista,
la más preciada flor de tu corona;
Galicia, cuna de tu genio artista,

tu frente admira, tu virtud pregona,
y el blanco ruiseñor, la mar y el viento
cantan la eterna gloria del talento.

(1860)

3

A Rola de Galicia


Rosalía Castro de Murguía

Rousinol d'a miña pátria.

D'a nosa ribeira rola,

Pombiña con pico d'ouro,

A morte de Rosalía inspiraríalle a Curros Enríquez este estremecedor poema, moi coñecido na súa versión musicada.



14

A Rosalía Castro de Murguía

¡Cuántas veces desde lejos
ansié conocer tu vida,
y los lugares hermosos
donde vibraba tu lira!
Con qué ansiedad las palabras
que á tu hogar se referían
y á tu existencia de penas,
y á tu genial poesía,
repasaba yo en mis horas
de nostalgias infinitas
¡viviendo en solo afecto
con tu nombre mi Galicia!

Dios sabe por qué caminos
oscuros, tristes, extraños,
á la patria de mis sueños
el destino al fin me trajo.
Y aquí estoy, y aquí te busco
para besarte la mano
como á la Reina que eres
de los poetas más altos.
Y aquí estoy, y aquí te busco
aspirando en mi entusiasmo
á venerar tus virtudes
de hinojos, como á los santos...
Pero no estás y á mi llegan
del pobre hogar solitario
donde los tuyos te lloran,
ecos de amor y desmayos...

54

y solo puedo en los campos
besar el aura en que vibran
tristes notas de tus cantos.

(Sofía Casanova de Lutoktawsai, 1896)

Este poema de Ramón Cabanillas sintetiza á perfección a imaxe rosaliana que se popularizou ó longo de máis dun século.

20

A Rosalía Castro

Dúas nais me bican e me dan arrollo.
Unha, a do tempo neno, a pomba aquela
que me acochou, mimosa, no seu colo
co xeito homilde da virtú sinxela.

Afundido no dór, frebente, tolo,
chamaba á morte a berros ó perdela,
cando ó ler os teus libros ¡ou consolo!
surdiche ti: ¡contigo tornóu Ela!

Dende entón, si ferido dos penares
que ensanguentan a vida con que loito,
pouso a ialma nas FOLLAS e os CANTARES.

¡Rosalía! ¡ña Nai!, ¡miña Santiña...!
¡Méntra-la Rula milagreira escoito,
sinto unha doce man que me acariña!

(R. Cabanillas, 1917)

Un dos "Seis poemas galegos" de Federico García Lorca está adicado a Rosalía de Castro.

24

*Canzón de cuna pra
Rosalía Castro, morta*

¡Érguete, miña amiga,
que xa cantan os galos do día!
¡Érguete, miña amada,
porque o vento muxe como unha vaca!

Os arados van e vén
dende Santiago a Belén.
Dende Belén a Santiago
un anxo ven en un barco.
Un barco de prata fina
que trai a door de Galicia.
Galicia deitada e queda
transida de tristes herbas.
Herbas que cobren teu leito

8

e a negra fonte dos teus cabelos.
Cabelos que van ó mar
onde as nubens teñen seu nidio pombal.

¡Érguete, miña amiga,
que xa cantan os galos do día!
¡Érguete, miña amada,
porque o vento muxe como unha vaca!

(F. García Lorca, 1935)

Os primeiros versos deste poema de Pimentel forman parte da memoria rosaliana de Galicia e constitúen unha chamada de atención da necesidade de reinterpretar a súa figura.

33

A Rosalía

Non convén chorar máis.
Ela chorou por todos e pra sempre.
Calemos...
Eu véxote así:
Crespós nas estrelas,
Ollos abertos de nenos mortos cravados nas salas do pazo.
Calemos...

Nos currunchos acendéronse os altares do silencio;
choiva de froles de estameña nos tristes pasarelos,
coa túa boca torta chamas a mortos
e náufragos, dende a solaina,
antre a brétema, en serán infinda.

Delantal de camposanto e campás antre mar e brétema;
barco negro e morto no camiño;
pómulos marelos deformes pola door;
balcón endexamáis aberto cheo de paxaros e follas secas;
seos esprimidos hastra a derradeira gota de luz;
maus antre mirto e lúa, debaixo da auga verde do estanque.

¿Qué fas na serán que está esmorecendo sempre
ou na noite que endexamáis se rematará?

Sin corpo, sin traxe, sin bruido,
coroa de sombras, música de pianos enloitados...
(Chove sobor das rosas e da escalinata do pazo.)

(L. Pimentel, 1952)

Da filiación rosaliana que recoñeceron moitos escritores e escritoras portuguesas dá testemuño este poema de Teixeira de Pascoaes (Nós 18, 1-7-1923).

Ó Santa Rosalia da Saudade,
do Infinito e do Bêrço em que nasceste,
Cantora da perfeita suavidade
Da inefável ternura que é celeste;
Intérprete da nova Divindade
Que tu, Galiza Mater, concebeste,
Teu Cântico imortal e redentor
É nossa eterna glória e nosso amor!

Dende que en 1917 aparecen 31 poemas de Cantares traducidos ó catalán no libro Poesies gallègues (aínda que xa antes apareceran traducións soltas), Rosalía despertará un sentimento de irmandade entre os escritores e escritoras nese idioma. Como exemplo, véxanse os seguintes textos de Salvador Espriu e Maria-Mercè Marçal.

Si el mar tingués baranes
i el tomb del cel mollons
prou sabria on cercar-te,
mes no hi vindria, no.

Si pogués posar en gàbia
el plomatge del foc.
Si el vent tingués andanes,
brides i estrep el cor.

Si pogués alçar tanques
al jardí de l'amor,
prou sabria on cercar-te,
mes no hi vindria, no.

No ho sents? S'obren les portes,
portes i porticons,
la pluja trenca ribes,
finestres i balcones!

I és aquí on jo te cerco,
no sé per què ni com,
dins la nit esmolada,
com la tempesta el torb,
pel mar sense baranes,
pel cel senses mollons.

Cançó tónica
de les dones gallegues a Rosalía

Oberts ulls
 sense mirada,
 sempre fixos
 mar endins

Vent no vol
 blancor de veles,
 que tornin
 vaixells
 d'enllà.

Fam encara
 mal calmada
 infla ventres
 de negats.

Quietud,
 malson de plata,
 bruixes i pluja
 als camins.

Lentes
 processons
 de ciris
 passen i cremen
 sembrats.

Colgavem
 de mica en mica
 a la cendra
 de la llar
 guspiretes
 d'esperança:
 foc i llum són
 apagats.

Ales esteses
 de fosca,
 vella por
 del llop, la neu.
 On els fills,
 on tots els homes,
 on l'enyor
 de tants adéus?

Pobres, soles
 nit i dia,
 sense cap
 consol ni guia,
 no tenim
 més companyia
 que la veu
 de Rosalia,
 que aquest plor
 de Rosalia,
 que aquest cor
 de Rosalia,
 que la seva
 poesia.

(Salvador Esprú, 1967)

Non hai unha escritora galega que non dialogase literariamente con Rosalía.
Velaquí algúns fragmentos dese diálogo ininterrompido.

Luz Pozo Garza. De *Vida secreta de Rosalía*

INSCRIPCIÓN DA MENIÑA ROSALÍA
ás dúas da mañá do 24 de febreiro
no hospital real de Santiago de Compostela

Eran as horas clandestinas dun madrugado
desconcerto
Iban medrando sombras mestas
Iba quedando un rastro escuro
e unha conciencia dividida

E chovía. Chovía

Chovía en desamparo
Chovía en desespero
Chovía sucesivo en Compostela
Chovía mesmo cómplice do pranto

As camelias morrían dunha dor cenital na Ferradura
Por lousas e vitrales
chovía desleigado coma tedio
Mesmo na escalinata onde se labra a noite
Onde se pule o tempo coma a prata

Chovía prematuro nunha memoria lúcida
que escribía o teu nome nas pedras desveladas

Para Dionisio Gamallo Fierros

TIRAR DO FÍO

Tecín soa a miña tea

Rosalía de Castro

Chegas do exilio e finxen aceptarte.
Queren introducirte nunha calceta
razonable
tecida por séculos
sen ti
asimilarte nunha cadeneta esquecida
do famoso tecido universal.
Terás de ser un punto fachendoso da gran obra
da tea de araña que ampara e afoga.

¿Que elixir?, preguntas.

Escapar. Tirar do fío.
Exiliarse da tea da araña.
Quererse ilegal

¿E logo?

A insolencia de manterse sen fíos de protección
no vacío
e tecer soa a túa tea.

¿Por que nos mira o medo azul?

HELENA VILLAR

*...Teño medo dunha cousa
que vive e que non se ve.*

¿Por que nos mira o medo azul
pola xanela?
¿Son o medo cen ollos espiñados
nas nosas tempas?
¿Que antiga é a batalla!
Chega, de mañanciña,
polas fragas,
polo mollado rastro de todos os carreiros
e vítese de azul, de transparente,
de xanela ou de luz,
todo de medo.
Anda buscando o medo
para romper o leve cristal da nosa fiestra.
Quere xacer connosco na amencida,
arroupado no leito.
Vén onda as nosas veas
exacular silencios,
misturarse cos claxons,
co coxear obseso dos reloxios,
coas follas dos cadernos,
coa botella valeira,
co invisible tateo do teléfono,
e co espelliño azul do cuarto azul,
e co doce recanto dos segredos.

Quere este medo noso,
o noso medo,
cantar coas gorxas nosas,
bicar cos nosos beizos,
vivir cos nosos corpos,
xogar cos nosos nenos,
escribir os poemas
cos nosos propios dedos,
recorrer os camiños
cos nosos pés e alentos
e sementar o desacougo todo
polas nosas palabras sen concerto.
Entre os papeis máis brancos
lemos o noso nome
en grafías de medo:
e está sorrindo en todos os retratos
e en todos os espellos.
Non sei con que loitabas
co xigante inconcreto.
Eu fécholle a xanela. E se adormezo,
soño que non son nena.
Nin recollo molladas margaridas
agochadas nas hedras.

Rosalía, tan amiga

ANA ROMÁN

*Mollo na propia sangue a dura pruma
rompendo a vena hinchada,
i escribo...*

ROSALÍA DE CASTRO

O branco silencio das naus
enche o mar espido da hora,
calo o tremor do meu dedo
e abrigo no mesmo centro do teu ollar cego
as esperanzas.
Que nada entolde o teu estar tan quedo,
ese voar tan lonxe da presenza,
a esculpir imaxe, auga, a florecer violeta.
Que non se demore na longura desta tarde
a palabra,
que nada desequibre a bágoa
que esvara limpamente, sen sulco errado,
polo soño.
Ti, tan amiga,
seméntate a terra nos ocasos,
a mesma matria que erguida en estandarte
torna verso, mesmo sangue.
Ti, tan amiga,
no ventre fondo a poboar terrores,
fai palabra ó vento, ou anaina mainamente
o regato que esvara na meixela,

ninguén derrube o teu estático sentir eterno,
esa fuxida,
ninguén disloque o sorriso que se che vén
timidamente ós ollos, tan branco
o violín no adaxio peiteándoches o cabelo.
Muller, amiga,
quero ver o mar contigo polas fiestras abertas,
sulcar imaxes de gaivotas namoradas
e berrar, nos límites mesmos da loucura,
nosa é a ternura,
este recuperar o verso e a historia,
a entraña do ser,
o misterio da silenciada rebeldía.
Ti, sempre amiga,
aniñas nos corpos dos amantes
e faste trebón en estalido suave,
xeada de luz polos claustros feridos.
Todo o que amamos
vive nas salgadas ondas do silencio.
O mar, noso coma a alba,
entra nas estancias polas fiestras abertas
ó soño.
E fágome cinsa a sementar promesa,
renacida na ausencia do teu corpo,
bicareiche as cicatrices desterradas
no mar, co desexo da palabra
Tan amiga.

Ti es para min isa barca...

XOHANA TORRES

Ti es para min isa barca que lembra
toda a presenza de madeiras náufragas,
que vive infinda unha traxedia líquida
de peiraos sen panos e sen peixes.
Sedenta como un mar
e no teu mar afogada.

Ti es para min un pobo pequeniño
de vieiros sen cumes, sen riadas,
mergullando no seo, case morto
unha virxe canción, inimitable.
Sedenta como un mar
e no teu mar afogada.

Ti es para min unha callada piña
de moitas primaveras agardadas
onde xogaron anxos,
onde vibraron alas sen movelas.
Sedenta como un mar
e no teu mar afogada.

Ti es para min a historia da meniña
que iba soñando praias
hasta que deu marea a un ben triste mañá.
Sedenta como un mar
e no teu mar afogada.

Ti es para min o lombo dunha sombra
onde todo resulta preguntado
e os pasos das persoas faise lene...
Sedenta como un mar
e no teu mar afogada.

¡Ti es para min a terra dunha tumba
cumpridamente limpia de pisadas!